

A Orquestra Orff IES As Bizocas



Este 2007-2008 foi outro curso de ensaios, voltas e reviravoltas ao repertorio. Exercicios de técnica, solfexos bonitos e dos outros mais útiles para a medida e para o compás. E para non esquece-lo ritmo, que en O Grove lle chamamos ritmo á melodía, pois xa sabemos que o ritmo é o principio de todo, non fai falta que nolo digan. Un ano de cambios nos compoñentes e de nostalgia polos que se foron, aínda que houbo quen se foi pero segue connosco! De todas todas o mellor é que temos un conxunto e a intención de facer cousas.

Cando comezamos o ano pasado fixémoslo un pouco ás apalpadas. Por experimentar experimentamos ata cun conxunto instrumental do que pouco ou nada había escrito así que tivémolo que facer todo: buscar aos músicos e aos instrumentos apropiados, buscarlle o balance (e niso perseveramos), o repertorio, escribir os arranxos, e un longo etcétera de intentos pequenos para esta música de xoguete que aos poucos poñemos a andar con mimo e calma.

Sería estupendo que o noso instituto contase sempre cunha orquestra aínda que só sexa porque non é usual que un instituto teña unha orquestra. Aínda que estea feita de intentos pequenos e músicas de xoguete son os nosos intentos e as nosas músicas. O ano pasado ninguén tocou a Mozart coma nós e ninguén tocou o poema gañador do Iº Certame de poesía Xosé A. Barral como nós o tocamos. Ben pensado, tampouco ninguén escribira ata entón o poema gañador, "Na area" de Clara Parada, dun concurso que non existía.

Hai que ver o que dan de si os intentos pequenos e a intención de facer cousas.

Programa:

Ritornello de Valentin Rathgeber (1682-1750), arranxos orixinais de José Manuel Durán Graña. Unha delicia agachada nun manual de fruta de bico soprano e tenor. O término *ritornello*, en italiano "a voltiña", refírese xeralmente a un fragmento instrumental que se repite conferindo unidade a unha peza máis grande, ben sexa vocal ou instrumental, e constitúe un rasgo característico do estilo barroco en música.

Gymnopedie n° 3 de Erik Satie (1866-1925), arranxos orixinais de José Manuel Durán Graña segundo orquestración de Claude Debussy (1862-1918). Orixinalmente escrita para piano, esta coñecida peza ilustra como poucas os intentos de superación do Romanticismo. Mesura fronte a dramatismo, ensaiada despreocupación fronte a elevados ideais e un interpretar *a piacere* na procura da liberación do tic tac do metrónomo.

Basse Dance de Pierre Attaignant (1494?-1515?), arranxos orixinais de José Manuel Durán Graña. Máis que como compositor Attaignant ocupa un lugar relevante na historia da música como editor, sendo ademáis inventor dun sistema que permitía imprimir as notas e os pentagramas ao mesmo tempo (as primeiras imprentas precisaban de tres diferentes procesos, un para os pentagramas, outro para as notas e outro para o texto). Esta peza lévanos ao Renacemento, un tempo no que a música instrumental estaba estreitamente ligada á danza.

IIº certame de poesía Xosé A. Barral



Os poemas

“A liberdade”, de Carlos Soutullo Castiñeiras. Le Cristina Míguez Álvarez.

“A noite”, de Uxía Valladares. Le Olga Pérez Barral.

“A escuridade”, anónimo. Le Sara Camaño Costas.

“Unha historia sen amor”, de Andrea Cacabelos Dios. Le Andreaa Cacabelos Dios.

Este ano o xurado do IIº certame de poesía Xosé A. Barral, presidido polo escritor **Ramón Caride Ogando**, escolleu como os mellores este dous:

Sentimentos

Lara Rodríguez Triñanes

Música de José Manuel Durán Graña coa colaboración de Pablo Bernárdez Mato.

Como a brisa do mar
Como os raios do sol
Como cada mañá
Escoitando a túa voz.

Escoitando o rebumbio
Da xente ó pasar
Escoitando as palabras
Que quero escoitar.

Palabras que matan
Que poden voar
Palabras que firen
E fan recordar.

Hai sons que veñen
E hai sons que van
Pero hai outros moitos
que sempre estarán.

O resumo da vida
Que estou a facer
É o que me fan sentir
Os teus beizos de mel.

Perdida na escuridade

Ana Otero Naveiro

Música de José Manuel Durán Graña coa colaboración de Pablo Bernárdez Mato.

Perdida na escuridade,
Xa non podo nin pensar.
Todos esperan de min
Máis do que podo dar.

E eu síntome invisible,
Olvidada, en sombra quedo.
Pêrdida na escuridade,
Soamente sinto medo.

Medo a non chegar,
A non ser o que soñaba,
A equivocar o camiño,
A quedarme como estaba.

A quedarme entre esa néboa
Que me envolve e me traspasa.
Só quero que desapareza
A miña grande inquedanza.

Pero esa sombra crece
E eu fágome máis pequena
E xa non vexo nada
A través da miña néboa.

José Manuel Durán Graña: dirección, arranxos, composicións, guitarra. **Rodrigo Álvarez Millán:** fruta de bico soprano, metalófono baixo, teclados. **Irene González Novas:** fruta de bico sopranino e alto. **Clara Parada:** fruta de bico alto, metalófono alto. **Álvaro Santiago Ferrer:** fruta de bico alto, metalófono baixo. **Andrea Escalante López:** fruta de bico sopranino, soprano e baixa. **Carlos Soutullo Castiñeiras:** fruta de bico soprano, metalófono soprano. **Ángela Pérez Castro:** fruta de bico soprano, xilófono soprano. **Alberto Álvarez Cores:** fruta de bico soprano, xilófono baixo, metalófono baixo. **Sara Mascato García:** fruta de bico soprano e tenor. **Antonio Pérez Álvarez:** fruta de bico tenor. **Daniel Crespo Telmo:** fruta de bico tenor. **Claudia Barral Triñanes:** xilófono alto. **Andrea Cacabelos Dios:** percusión adicional. **Cristian Méndez Correia:** percusión adicional. **Andrea Mourelos Mascato:** carrillón soprano, pandeireta. **Sandra Mourelos Mascato:** carrillón alto, bombo. **Lissett Álvarez Nuéz:** voz, percusión adicional. E a colaboración especial de **Pablo Bernárdez Mato:** zanfona, arranxos.